

Proporcionar modelos positivos:

VÍDEO Nº 1: O circo das bolboretas

METODOLOXÍA PARA TRABALLAR NA AULA:

Antes de ver o vídeo o profesor-a repartirá e lerá o cuestionario que cada alumno-a irá cubrindo mentres ve o vídeo. Se é necesario farase un segundo visionado do vídeo. Posteriormente, deixaranse uns minutos para terminar de completar o cuestionario.

No noso caso facemos unha primeira posta en común na clase.

O profesor-a ou un alumno-a irá recollendo as ideas que vaian saíndo e entre todos chegarán a unhas conclusións. É importante nesta fase que o titor-a sexa o máis neutral ou invisible posible, para non contaminar as posturas do alumnado.

Ao final, presentamos nunha única vez, o visionado dun segundo vídeo que expoñerei ao final. Será coma a conclusión.

VÍDEO

(Nota: se houbera problemas co enlace, podedes buscar co título que vos dou: pero ollo, quero que traballedes co vídeo que dura 20 minutos. Desbotade as outras versións)

CUESTIONARIO QUE VAI CON ÉSTE VÍDEO:

- Para o profesor/a:

- ✓ Nas miñas clases, cómo vexo aos meus alumnos?, son coma o showman do Circo de Variedades ou coma os membros do Circo das Bolboretas?
- ✓ Qué podería facer para ver aos meus alumnos coma bolboretas?
- ✓ Unha clase chea de bolboretas, cómo sería?, cómo sería a relación entre os alumnos-as?, e comigo?
- ✓ Se puidera converter aos meus alumnos-as en bolboretas serían uns cidadáns:
 -
 -
 -

- Para os alumnos-as:

1. ESCRIBE QUÉ PODEN SIGNIFICAR ESTAS FRASES:

- ✓ “Pero eles son raros” Sammy

- ✓ “Es magnífico” Sr. Méndez

- ✓ “Aquí non hai un circo de curiosidades” Sr. Méndez

- ✓ “Ti podes facer todo o que queiras” Sr. Méndez

- ✓ “A beleza que pode vir das cinzas” Sr. Méndez

- ✓ Eu digo que te deixaron ir demasiado pronto” Sr. Méndez

- ✓ “Canto maior é a loita máis glorioso é o trunfo” Sr. Méndez

- ✓ Outra frase que che parecera interesante.....

2.- NO CIRCO DE VARIEDADES

- ✓ Qué palabras utiliza o showman ao presentar ás persoas do Show de rarezas e curiosidades?

- ✓ Cómo ven a Will, o “home sen extremidades”?, o público, cómo o ve?

- ✓ Qué se mira neste espectáculo?
- ✓ Qué sentiches ao ver esta parte do vídeo?
- ✓ Algunha vez te sentiches coma as persoas que forman parte deste show?
- ✓ Miraches nalgunha ocasión deste xeito ás persoas coas que convives?, e a outras persoas que no coñeces?
- ✓ Os demais, cómo cres que te miran a ti?

3.- NO CIRCO DAS BOLBORETAS:

- ✓ Por qué cres que ten ese nome?
- ✓ Qué palabras utiliza Méndez para presentar aos membros do seu circo?
- ✓ Cómo ven a Will os membros do circo? e o público?
- ✓ Qué valores e sentimentos podes ver entre as persoas do circo?
- ✓ Por qué abraza a Will o neno das muletas?, e a súa nai, por qué lle da as grazas?
- ✓ Por qué Will se sente ben no Circo?

- ✓ Qué sente Will cando ve que pode andar e nadar?
- ✓ Algunha vez te sentiches coma se formaras parte do Circo das Bolboretas?, cando?

4.- PARA PENSAR

- ✓ A eiruga convertese en bolboreta, qué significado pode ter no vídeo que viches?
- ✓ Na túa vida con qué te identificas mellor, ¿coa eiruga metida no seu casulo ou coa bolboreta?, ¿con qué cres que te identifican máis os teus amigos, a túa familia?

Finalizada a recollida de información, pasamos ao seguinte vídeo:

http://www.youtube.com/watch?v=XudHAEUSadk&feature=player_detail_page.

(este mesmo proceso pode seguirse con outros vídeos motivacionais, que nos permiten aportar, como dicía máis arriba, modelos positivos asociados á diversidade funcional. Exemplos:

I can only imagine:

http://www.youtube.com/watch?v=2GphmdhLMGE&feature=player_detail_page

Thousand Hand Guan Yin

http://www.youtube.com/watch?v=pUNH6FxaY9I&feature=player_detail_page

http://www.youtube.com/watch?v=8AW1CFr0F8M&feature=player_detail_page

